

BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

Novos obstáculos no camiño da Eurorrexión

Actualidade	2
Especial Portugal	5
Monográfico	8
Emprego	10
Novidades lexislativas	14
Consultas	15
Cooperación empresarial	16

A crise económica que afecta desde anos atrás tanto a España como a Portugal, irrompeu con contundencia na economía deste último país. A nova onda de axustes aos que debía someter a súa economía, en prol de reforzar a confianza que lle negaban os mercados de débeda internacionais, non pasaron o filtro do Parlamento o que precipitou, primeiro, a dimisión do Goberno e, escasos días despois, a petición de asistencia á Unión Europea.

Non se pode obviar que se trata dunha mala noticia para a Eurorrexión, en canto se abre un período de incerteza entre dous territorios que son ademais socios de referencia. Non obstante, as relacións entre ambos os dous mercados sufriren anteriores altibaixos dos que esta fórmula de cooperación saí sempre reforzada. De feito, a Eurorrexión sostén unha dinámica de traballo ampla e ben asentada, onde flúe con facilidade o intercambio de mercadorías, servizos e traballadores.

Adicionalmente, unha das estratexias para reforzar a economía pasa por fortalecer as relacións actuais, buscando sinerxias e fiando novas vías de cooperación e, neste sentido, queda camiño por percorrer, como puxeron de manifesto os propios empresarios da Eurorrexión nun encontro que tivo lugar, a mediados de abril, en Porto.

No transcurso deste acto, no que participaron representantes do tecido empresarial de ambos os dous territorios, xunto con autoridades lusas e galegas, puxérонse en valor os vínculos económicos e comerciais existentes. Ademais, expúxose de xeito claro o interese de todas as partes por suscitar novas opcións de negocio.

Pero, para facilitar esa colaboración resulta imprescindible limar certos atrancos. O más obvio é, nestes momentos, o sistema de peaxes adoptado nas autovías do norte de Portugal. Cada día son máis os empresarios que advirten do impacto que esta polémica medida provoca nos seus negocios. Por iso, as organizacións empresariais da Eurorrexión, coa CEG e a AEP á cabeza, reforzaron os contactos a todos os niveis para intentar buscar unha solución satisfactoria para todas as partes.

Convén ter presente que a Eurorrexión demostrou ser útil en achegar a empresas e traballadores, en suscitar proxectos de colaboración, en crear riqueza e fomentar o emprego entre Galicia e a rexión Norte de Portugal. Un obxectivo no que se persistirá tanto a través desta vía de cooperación como doutras novas, como a macrorrexión RESOE, na que ten cabida tamén Castela e León.

Cómpre salientar que o papel para desenvolver este tipo de iniciativas é fundamental dentro do proxecto europeo. Así o entende o Comité de Rexións da Unión Europea, organismo que presentou novas propostas para fortalecer as relacións rexionais, e o comparte tamén a Comisión, que traballa a través da Acta Única Europea para fortalecer a libre circulación de traballadores.



Acción financiada pola Unión Europea
<http://ec.europa.eu/eures>

Consecuencias do resgate portugués para España e Galicia

A situación que arrastraba Portugal, caracterizada por un elevado déficit e unha gran dificultade para financiarse, provocou que este país se converta, tras o caso de Grecia e Irlanda, no terceiro membro da Unión Europea que solicita o seu resgate.

Este desenlace veu motivado polo maltreito estado da súa economía, apurada, por un lado, pola necesidade inmediata de crédito para cubrir as obrigas urxentes de pagamento e asfixiada, por outro, pola desconfianza dos mercados cara ao seu goberno, ao dubidar da súa capacidade de manobra para resolver con éxito a crise e afrontar as súas obrigas de pagamento.

Co obxectivo de contrarrestar esta situación, Portugal deberá adoptar duras medidas de axuste que transmitan a intención inequívoca do executivo de recuperar a sostibilidade económica. No caso portugués, os analistas económicos internacionais chegaron ao consenso de que as medidas adoptadas ata o momento, malia ir no bo camiño, eran insuficientes. Con todo, o motivo final da intervención veu provocado polo fracaso político no intento de aprobar un novo paquete de medidas de axuste, o que deixou ao actual goberno sen marxe de manobra e, na práctica, como así aconteceu, ás portas da intervención.

Consecuencias para Galicia do resgate portugués

1. Condicionantes económicos:

- Respecto ao comercio non se aprecia un signo claro. Se ben a baixada dos salarios públicos e das pensións pode ter un efecto negativo, a recente suba do IVE portugués (21%) podería provocar un desprazamento de compra cara as zonas fronteirizas galegas ou grandes zonas comerciais.
- En canto á balanza comercial, os últimos datos dispoñibles revelan que Galicia exportou mercadorías (anualmente) por valor de 2.500 millóns de euros fronte aos 1.700 que importou do país veciño, co cal haberá que facer un seguimento da evolución das vendas ante este novo escenario.
- No mercado laboral é previsible un aumento do paro no lado luso que repercutirá na maior dispoñibilidade da man de obra portuguesa en Galicia.
- En materia de infraestruturas, a conexión ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e a rexión Norte de Portugal verase, inevitablemente, aprazada e á espera dun mellor escenario para o orzamento europeo 2014-2020.
- A inxección financeira, estimada ao redor de 80.000 millóns de euros, servirá para reactivar a capacidade de empréstito das entidades financeiras lusas e, polo tanto, das relacións económicas a ambos os dous lados da fronteira.

2. Exposición á débeda:

- Os efectos do resgate poden ter diferentes consecuencias negativas, en función dos graos de exposición de cada país á débeda portuguesa.

Segundo confirman os datos do Banco de Pagamentos Internacionais (Bank for International Settlements, BIS), a exposición de España á débeda portuguesa é a maior de todos os países, concentrando arredor do 33%, seguida de Alemaña, Estados Unidos e Francia, o que provoca que esta intervención teña unha reperCUSión maior das que tiveron, con anterioridade, Irlanda e Grecia.

Como aspecto positivo cabe resaltar a composición da débeda, dado que o grosor desta pertence ao sector privado, menos susceptible que a débeda do sector público de sufrir reestruturacións.

Exposición dos países á débeda de Portugal e España

	Tipo Exposición	Al	Es	Fr	It	Rez	GB	Xp	US	Rdm	Total
Portugal	Sector Público	8,4	8,8	16,1	0,9	7,8	2,6	1,3	1,6	1,5	49,0
	Bancos	18,1	6,1	6,5	2,3	4,6	6,2	0,3	1,4	0,9	46,2
	Exposición privada non bancaria	13,6	70,3	14,8	1,5	7,5	16,5	0,8	1,5	1,8	128,3
	Outros	8,5	23,4	8,1	3,2	2,1	8,5	0,4	42,6	1,5	98,3
	Total	48,5	108,6	45,6	7,9	22,0	33,7	2,8	47,1	5,8	321,8
España	Sector público	29,4	-	46,0	3,3	16,9	10,0	9,7	4,7	3,0	123,0
	Bancos	85,8	-	55,8	9,0	49,1	34,0	4,5	20,6	11,0	269,7
	Exposición non bancaria	85,7	-	81,3	16,2	98,5	72,4	10,2	26,3	14,7	405,3
	Outros	41,4	-	41,6	13,3	15,0	36,1	4,8	136,0	12,6	300,3
	Total	242,4	-	224,7	41,8	179,6	152,4	29,2	187,5	41,3	1.098,8

Fonte: Banco de Pagamentos Internacionais. *Informe trimestral*, marzo 2011 (correspondente ao terceiro trimestre de 2010 e en billóns de dólares norteamericanos). Disponible no seguinte enderezo: http://www.bis.org/publ/qtrpdf/r_qt1103.pdf

Nomenclatura: Al, Alemaña; Es, España; Fr, Francia; It, Italia; Rez, Resto da Eurozona; GB, Gran Bretaña; Xp, Xapón; US, Estados Unidos; Rdm, Resto do mundo.

Consulta sobre a normativa do governo corporativo da Unión Europea

A Comisión Europea puxo en marcha unha consulta pública sobre o *Libro Verde sobre a normativa de governo corporativo da UE* [Documento COM(2011) 164], co obxectivo de solicitar a opinión das empresas e dos cidadáns sobre esta materia.

A actual situación financeira puxo de manifesto a importancia de optimizar a xestión das empresas europeas para que estas poidan reforzar a súa competitividade. A través desta consulta, a Comisión Europea quere coñecer as diferentes propostas de mellora dos sistemas de xestión e control das empresas para fortalecer a súa fiabilidade e sostibilidade ante a futura crise.

Os interesados en participar nesta iniciativa poden achegar as ideas sobre temas tan diversos como a mellora da diversidade e o funcionamento dos consellos de administración, a supervisión e o cumprimento dos códigos de governo corporativo nacionais ou a forma de aumentar a participación dos accionistas.

Para iso, deben enviar os seus comentarios e as súas propostas a través da páxina web da Comisión Europea (<http://ec.europa.eu/yourvoice/consultations>), ata o día 22 de xullo. Analizaranse todas as respuestas, que darán como resultado un informe que poderá determinar a necesidade de presentar novas propostas lexislativas a partir do outono.

Na actualidade, existen unha serie de normas e principios que integran o governo corporativo na Unión Europea. Entre elas, as directivas sobre as ofertas públicas de adquisición (Directiva 2004/25/CE), a transparencia das sociedades cotizadas (Directiva 2004/109/CE), os dereitos dos accionistas (Directiva 2007/36/CE), o abuso do mercado (Directiva 2003/6/CE) e as auditorías (Directiva 2006/43/CE).

O Comité das Rexións da Unión Europea presenta as súas propostas para a futura política de cohesión

O Comité das Rexións (CdR) presentou unha serie de medidas para reformar as axudas rexionais da Unión Europea (UE) e do Fondo Social Europeo. A través delas, pretende poñer de manifesto a importancia de dispoñer dos recursos necesarios para cumplir cos seus obxectivos, ao entender que achegan un valor engadido ás rexións e favorecen de forma directa os cidadáns.

A política de cohesión logrou reducir as diferenzas económicas entre as rexións e dentro delas, polo que os representantes rexionais sinalan que, no futuro, as prioridades das axudas se deben centrar nas súas necesidades de desenvolvemento, definidas de forma local, en lugar de vincularse só aos obxectivos da Estratexia Europa 2020.

Os membros do CdR consideran necesaria a creación dunha categoría "intermedia", á marxe do seu financiamento actual, para aquelas rexións cuxo PIB se atope entre o 75% e o 90% da media da UE; ao tempo que solicitan a incorporación de novos criterios ao PIB, como o desenvolvemento territorial, social e ambiental, sobre todo na valoración e na aplicación dos programas.

Entre as súas propostas, solicitan tamén un incremento orzamentario e más asistencia técnica para a cooperación territorial entre os organismos rexionais e locais, así como unha maior simplificación na xestión dos fondos.

Sinalar, tamén, que o CdR propón un futuro Fondo Social Europeo centrado en prioridades transversais como a integración social ou os inmigrantes.

Noutra orde de cousas, o CdR manifesta a súa discrepancia coa Comisión Europea respecto á conxelación das axudas rexionais aos Estados membros que non cumplen a normativa europea sobre o déficit orzamentario.

A Comisión Europea xa presentou as primeiras ideas para a futura política no seu *Quinto informe sobre a cohesión económica, social e territorial*, publicado o pasado mes de novembro e, ademais, prevé presentar os proxectos normativos antes do próximo verán.

A libre circulación dos traballadores, imprescindible para reactivar o mercado único

A Comisión Europea acaba de presentar o documento *Doce prioridades para estimular o crecemento e reforzar a confianza*, co que quere reforzar as achegas da acta do mercado único. Cada unha das iniciativas vai acompañada dunha medida emblemática, sobre a que a Comisión Europea se compromete a presentar propostas nos próximos meses. O fin das ditas iniciativas é reactivar as vantaxes que ofrece o mercado único.

Entre os instrumentos propostos destaca, tras a mellora do acceso das pemes ao financiamento, a mobilidade dos traballadores dentro do mercado único. En 2009, foron preto de seis millóns de cidadáns os que traballaron noutro Estado membro (un 2,5% da poboación activa de Europa). A mobilidade da man de obra cualificada pode favorecer a competitividade da economía europea, máxime tendo en conta que numerosos postos de traballo correspondentes a esta categoría permanecen sen ocupar. Non obstante, numerosos obstáculos regulamentarios continúan impedindo esta fonte de competitividade.

Neste sentido, a medida clave debe ser a modernización da lexislación sobre o recoñecemento das cualificacións profesionais. Como obxectivos prioritarios, débense reducir ao máximo os obstáculos xurídicos, simplificando os procedementos, avaliando o ámbito de aplicación das profesións e reforzando a confianza entre os Estados membros. Entre as propostas complementarias, menciónase a posta en marcha dunha tarxeta profesional europea que facilitaría o documento acreditativo dos traballadores fóra do seu estado de orixe, proporcionando, así, unha maior transparencia aos consumidores e aos empresarios.

O mercado único é o núcleo da cooperación entre os vinte e sete Estados membros da UE que debe permitir que as mercadorías, os servizos, os capitais e as persoas poidan circular libremente. A crise financeira fixo perder a confianza nos mercados e, mesmo, no mercado único. As doce accións prioritarias que se propoñen para fortalecer esa confianza e, en consecuencia, impulsar a competitividade europea, aparecen publicadas no Documento COM(2011) 206.

Transaccións transfronteirizas: a Comisión Europea fai público un estudo de viabilidade sobre Dereito contractual europeo

O Grupo de Expertos creado hai un ano pola Comisión Europea para a avaliación da viabilidade dunha posible iniciativa en materia de Dereito contractual europeo acaba de facer público o seu primeiro informe de resultados. Nel preséntanse as cuestións prácticas más relevantes nunha relación contractual, como son os dereitos xurídicos en caso de mercadorías defectuosas ou as cláusulas contractuais que poidan ser inxustas. O grupo, constituído por expertos en lexislación sobre contratos (avogados, xuíces e docentes universitarios de toda a Unión Europea), reuniuse mensualmente con empresas, representantes dos consumidores e profesionais xurídicos para debater as súas propostas.

Nestes momentos, a Comisión Europea está a valorar a posibilidade de impulsar unha normativa común para os Estados membros, opcional para as partes, cuxo obxectivo sería simplificar a burocracia ás empresas. Deste modo, evitaría "a fragmentación" actualmente existente no Dereito contractual, que xera custos elevados e inseguridade xurídica para as empresas, así como unha menor confianza do consumidor, impedindo a plena realización do mercado único. É neste contexto no que se presentou o estudio de viabilidade encargado ao Grupo de Expertos.

A Comisión invita a todas as partes interesadas a enviar as súas consideracións relativas a este estudio, ata o 1 de xullo de 2011. Estas achegas, xunto cos resultados da consulta pública sobre o *Libro Verde sobre opcións políticas para avanzar cara a un Dereito contractual europeo para os consumidores e as empresas* [Documento COM(2010) 348], realizada ata xaneiro de 2011, serán valoradas pola Comisión, quen posteriormente determinará se o devandito estudo pode ser o punto de partida para a presentación dunha iniciativa política sobre o Dereito contractual europeo.

Dereitos de pensión dos traballadores desprazados

A Comisión Europea solicitou a Bélxica e Alemaña o cumprimento dos dereitos de pensión dos traballadores que se desprazan dentro da Unión Europea (UE).

Os Estados membros deben adoptar as medidas para garantir o cumprimento dos dereitos de pensión complementaria dos traballadores, comprendidos na Directiva 98/49/CE, co fin de reducir os obstáculos á libre circulación de traballadores, neste caso derivado dos pagamentos transfronteirizos. Así mesmo, o Regulamento (CE) 883/2004, sobre a coordinación dos sistemas de Seguridade Social, garante que o pagamento das pensións non se pode ver reducido, malia que o receptor resida noutro Estado membro.

Neste sentido, as autoridades belgas non permiten o pagamento de pensións a través de transferencia bancaria a aqueles pensionistas que residan en dezanove Estados membros, onde o devandito pagamento se efectúa mediante cheques expedidos por entidades financeiras. Isto supón un atraso no período de cobro, ademais dun elevado custo de negociación que reduce a contía da pensión.

O caso de Alemaña parte dunha reclamación que presentou un ciudadán búlgaro, agora de nacionalidade alemana, pensionista desde o ano 1988, ao que as autoridades nacionais o informaron de que a contía da súa pensión de xubilación se reduce en máis dun terzo se traslada a súa residencia a Bulgaria. O acordo establecido entre Bulgaria e Alemaña establece o pago dun suplemento diferencial que terá que pagar o país de residencia e que, segundo Alemaña, perdería no caso de cambio de residencia.

A Comisión Europea considera que esta situación constitúe un obstáculo á libre circulación de traballadores e unha discriminación por razón da nacionalidade. Por iso, pediu a información a ambos os dous países, que disponen de dous meses para trasladar á Comisión Europea as medidas que levarán a cabo para axustar a lexislación de acordo á normativa europea.

O ámbito laboral e a formación, claves dos grupos de traballo da macrorrexión Rixións do Sudoeste Europeo (RESOE) que lidera Galicia

Os grupos de traballo de Ámbito Laboral e o relativo a Formación, Universidades e I+D+I, constituídos no seo da macrorrexión Rixións do Sudoeste Europeo (RESOE) e liderados por Galicia, comezaron a súa singradura nos últimos días, coas correspondentes reunións.

A macrorrexión RESOE está constituída pola rexión Norte de Portugal, Castela e León e Galicia. A nosa rexión lidera os dous grupos de traballo citados e constituíronse outros catro: economía e industria, medio ambiente, cultura e turismo, e transporte e loxística. Todos eles están compostos por representantes da Administración pública, o sistema educativo e os axentes sociais. Aínda que os seis grupos presentan ámbitos de actuación diferentes, o obxectivo final de todos eles é alcanzar resultados tangibles de interese para os tres

territorios, grazas á suma de ideas e a compartir unha metodoloxía de traballo que potencie os recursos existentes.

Os resultados deberán partir de iniciativas e proxectos conxuntos de éxito, susceptibles de converterse en plataformas para o crecemento e a construción dun modelo social e económico máis sostible, tal e como destaca a Estratexia Europa 2020 da Comisión Europea.

A macrorrexión é unha iniciativa de cooperación interrexional. Entre as súas finalidades, atópase desenvolver e aumentar as posibilidades potenciais de cooperación territorial europea para acceder a fontes de financiamento comunitario, especialmente de cara ao novo período orzamentario que se abrirá a partir de 2014.

Directiva “serviços” O livre acesso e exercício das actividades de serviços*

* Este texto foi elaborado pola Associação Industrial do Minho.

A fim de criar um verdadeiro mercado interno dos serviços, a Directiva “Serviços” visa facilitar a liberdade de estabelecimento dos prestadores de serviços noutras Estados-Membros e a liberdade de prestação de serviços entre Estados-Membros. A directiva visa igualmente aumentar as possibilidades de escolha à disposição dos destinatários dos serviços e melhorar a qualidade dos serviços prestados tanto aos consumidores como às empresas.

No âmbito da “Estratégia de Lisboa”, a Comissão respondeu ao convite do Conselho Europeu para conceber uma política destinada a suprimir os obstáculos à livre circulação de serviços e à liberdade de estabelecimento dos prestadores de serviços. Assim, a Comissão adoptou, em 13 de Janeiro de 2004 uma proposta de directiva relativa aos serviços no mercado interno (COM(2004) 2), também conhecida por “Directiva Serviços”, que após algumas alterações ao texto inicial, foi adoptada definitivamente em 12 de Dezembro de 2006.

A Directiva “Serviços” estabelece um quadro jurídico geral que favorece o exercício da liberdade de estabelecimento dos prestadores de serviços, bem como a livre circulação de serviços, garantindo simultaneamente um elevado nível de qualidade dos serviços e a melhoria dos níveis de emprego, de coesão social e de crescimento económico sustentável.

OBJECTIVOS

Esta directiva representa uma das prioridades da “Estratégia de Lisboa” e propõe quatro objectivos principais, com vista à realização de um mercado interno dos serviços:

1. Facilitar a liberdade de estabelecimento e a liberdade de prestação de serviços na UE, eliminando os obstáculos jurídicos e administrativos ao desenvolvimento das actividades de serviços:

a. A obrigação de avaliar da compatibilidade dos regimes de autorização à luz dos princípios da não-discriminação e da proporcionalidade e de respeitar certos princípios quanto às condições e procedimentos de autorização aplicáveis às actividades de serviços.

b. A proibição de determinados requisitos jurídicos que continuam a estar presentes nas legislações de certos Estados-Membros e não têm justificação, como os requisitos de nacionalidade;

c. A obrigação de avaliar a compatibilidade de um determinado número de outros requisitos jurídicos à luz dos princípios da não-discriminação e da proporcionalidade.

d. A fim de reforçar a livre prestação de serviços, os Estados-Membros devem garantir o **livre acesso à actividade de serviço, bem como o seu livre exercício no seu território**. O Estado-Membro em que o prestador de serviços circula só pode impor o cumprimento dos seus próprios requisitos na medida em que os mesmos sejam não-discriminatórios, proporcionados e justificados por razões relacionadas com a ordem pública, com a segurança pública, com a saúde pública ou com a protecção do ambiente.

e. A Directiva “Serviços” prevê igualmente um certo número de **derrogações importantes** a este princípio, por exemplo em matéria de qualificações profissionais, de destacamento de trabalhadores e para os serviços de interesse económico geral.

2. Reforçar os direitos dos destinatários dos serviços, enquanto utilizadores dos mesmos:

a. Especifica o direito dos destinatários a utilizar serviços de outros Estados-Membros.

b. Estabelece o direito dos destinatários à obtenção de informações sobre as regras aplicáveis aos prestadores de serviços, independentemente do seu local de estabelecimento, e sobre os serviços oferecidos por um determinado prestador de serviços.

3. Promover e garantir a qualidade dos serviços:

a. Reforçar a qualidade dos serviços, encorajando por exemplo a certificação voluntária das actividades ou a elaboração de cartas da qualidade.

b. Encorajar a elaboração de **códigos de conduta europeus**, em especial por parte dos organismos ou associações profissionais.

4. Instaurar uma cooperação administrativa efectiva entre os Estados-Membros:

a. Estabelece uma **obrigação legal**, vinculativa para os Estados-Membros, no sentido de que cooperem com as autoridades dos outros Estados-Membros a fim de assegurar a fiscalização das actividades de serviços na União, evitando no entanto uma

multiplicação das fiscalizações. Cria ainda um mecanismo de alerta entre os Estados-Membros.

b. Constitui a base para o desenvolvimento de um **sistema electrónico de intercâmbio de informações** entre Estados-Membros, indispensável para a realização de uma cooperação administrativa efectiva entre os Estados-Membros.

A TRANSPOSIÇÃO A ORDEM JURÍDICA PORTUGUESA

O Decreto-Lei n.º 92/2010, de 26 de Julho, transpõe para a ordem jurídica portuguesa a Directiva 2006/123/CE, do Parlamento Europeu e do Conselho, de 12 de Dezembro de 2006, relativa aos **serviços no mercado interno** [Jornal Oficial L 376 de 27.12.2006].

ÂMBITO DE APLICAÇÃO

O Decreto-Lei n.º 92/2010, de 26 de Julho, aplica-se aos prestadores de serviços estabelecidos em território nacional ou noutras Estados membros da União Europeia ou do Espaço Económico Europeu, aplicando-se igualmente a prestadores de serviços de Estados que não façam parte da União Europeia ou do Espaço Económico Europeu, de acordo com o previsto no n.º2 do Artigo 2º, do referido Decreto-lei.

Entende-se por «prestador de serviços» qualquer pessoa singular nacional de um Estado membro ou pessoa colectiva estabelecida em território nacional ou noutro Estado membro que ofereça ou que preste um serviço.

O Decreto-Lei n.º 92/2010, de 26 de Julho, estabelece um quadro jurídico geral para todos os serviços prestados mediante contrapartida económica (com exceção dos sectores excluídos), sem por isso deixar de ter em conta a especificidade de certas actividades ou profissões.

Entende-se por «serviço» qualquer actividade económica não assalariada, prestada normalmente mediante remuneração, tal como referida no artigo 57.º do Tratado sobre o Funcionamento da União Europeia (TFUE).

São excluídos do âmbito de aplicação do Decreto-Lei n.º 92/2010, de 26 de Julho, os seguintes serviços:

a. Serviços de interesse geral sem carácter económico;

b. Serviços financeiros (nomeadamente serviços bancários, de crédito, de seguros e de resseguros, de regimes de pensões profissionais ou individuais, de

*Este texto foi elaborado pola Associação Industrial do Minho.

Especial Portugal

- títulos, de fundos de investimento e de pagamentos);
- c. Serviços de comunicações electrónicas, no que se refere às matérias regidas pelas directivas do sector;
 - d. Serviços no domínio dos transportes, incluindo os serviços portuários;
 - e. Serviços de agências de trabalho temporário;
 - f. Serviços de cuidados de saúde;
 - g. Serviços audiovisuais;
 - h. Actividades de jogo a dinheiro;
 - i. Actividades relacionadas com o exercício da autoridade pública;
 - j. Certos serviços sociais (relativos à habitação social, à assistência à infância e aos serviços dispensados às pessoas necessitadas);
 - k. Serviços de segurança privada;
 - l. Serviços prestados por notários e oficiais de justiça, nomeados pelos poderes públicos.

A LIBERDADE DE ESTABELECIMENTO E LIVRE PRESTAÇÃO DE SERVIÇOS

Os prestadores de serviços podem livremente estabelecer-se e exercer a sua actividade em território nacional, nomeadamente através da criação de sociedades, sucursais, filiais, agências ou escritórios sem necessidade de qualquer permissão administrativa ou mera comunicação prévia, excepto nos casos em que a lei preveja tal permissão administrativa e a mesma possa ser estabelecida, nos termos e nas condições previstos no capítulo III do Decreto-Lei n.º 92/2010, de 26 de Julho.

Entende-se por «estabelecimento» o exercício efectivo pelo prestador de uma actividade económica não assalariada, na acepção do artigo 49.º do TFUE, assim como a constituição e gestão de empresas e especialmente de sociedades comerciais, por um período indeterminado e através de uma infraestrutura estável a partir da qual a prestação de serviços é efectivamente assegurada.

A SIMPLIFICAÇÃO ADMINISTRATIVA E DESBUROCRATIZAÇÃO

Os procedimentos administrativos abrangidos pelo do Decreto-Lei n.º 92/2010, de 26 de Julho, e os procedimentos administrativos conexos com os mesmos devem realizar-se de forma a reduzir ao mínimo indispensável os encargos sobre os prestadores de serviços e seus destinatários de todos os Estados, bem como os procedimentos, os documentos e os actos que tenham de praticar ou enviar às autoridades administrativas competentes e a necessidade de deslocações físicas.

O BALCÃO ÚNICO E A DESMATERIALIZAÇÃO DE PROCEDIMENTOS

Foi criado um **balcão único electrónico** que permite a qualquer prestador ou destinatário de serviços, de todos os Estados, o acesso por via electrónica às autoridades administrativas competentes. O balcão único electrónico é disponibilizado em sítio na Internet através do Portal da Empresa (<http://www.portaldaempresa.pt/>).

O balcão único electrónico disponibiliza aos prestadores e aos destinatários de serviços de todos os Estados informação, pelo menos em português, inglês e castelhano, clara, inequívoca e actualizada; Disponibiliza ainda aos prestadores e destinatários de serviços de todos os Estados a possibilidade de cumprimento directo e imediato de todos os actos e formalidades necessários para aceder e exercer uma actividade de serviços, incluindo meios de pagamento electrónico, bem como o acompanhamento e consulta dos respectivos procedimentos.

Todos os pedidos, comunicações e notificações entre os prestadores de serviços e outros intervenientes nos procedimentos, incluindo as autoridades administrativas competentes, devem poder ser efectuados por meios electrónicos, através do balcão único electrónico.

OS DOCUMENTOS

Quando a prova de um facto relativo a um requisito para o acesso ou o exercício de uma actividade de serviço depender da apresentação de um documento, as autoridades administrativas competentes devem aceitar os documentos que tenham uma finalidade equivalente ou que evidenciem a verificação daquele facto emitidos em território nacional ou noutro Estado membro.

As autoridades administrativas competentes não podem exigir que os documentos emitidos noutro Estado membro sejam apresentados sob a forma original, autêntica, autenticada ou cópia ou tradução certificadas, excepto quando tal se encontre previsto em instrumentos jurídicos comunitários ou se encontre previsto na lei por imperiosa razão de interesse público.

Estas regras aplicam-se igualmente aos documentos, emitidos noutras Estados, elencados em portaria dos membros do Governo responsáveis pela área da modernização administrativa e pelo responsável do procedimento em causa.

As autoridades administrativas competentes podem solicitar a tradução não certificada para português de qualquer dos documentos referidos no presente artigo, excepto quando os mesmos se encontrarem redigidos em língua inglesa.

AS PERMISSÕES ADMINISTRATIVAS PARA ACESSO OU EXERCÍCIO DE ACTIVIDADES DE SERVIÇOS

As permissões administrativas são actos ou contratos administrativos que visam possibilitar o acesso ou o exercício de uma actividade de serviços nos casos em que essa actividade não possa ser prestada livremente ou através de uma mera comunicação prévia e consubstanciam-se, designadamente, em licenças, autorizações, validações, autenticações, certificações, actos emitidos na sequência de comunicações prévias com prazo e registos.

Entende-se por «Comunicação prévia com prazo» uma declaração efectuada pelo prestador de serviços necessária ao início da actividade, que permita o exercício da mesma quando a autoridade administrativa não se pronuncie após o decurso de um determinado prazo.

O regime jurídico das permissões administrativas para o acesso ou o exercício de uma actividade de serviços está sujeito aos princípios previstos no Código do Procedimento Administrativo (CPA).

A IGUALDADE E NÃO DISCRIMINAÇÃO DE PRESTADORES DE SERVIÇOS

O acesso ou o exercício de uma actividade de serviços por parte de um prestador de serviços não pode ser condicionado à verificação de pressupostos, de requisitos ou de condições discriminatórias baseadas na nacionalidade, no local de residência ou no local da sede. Este princípio abrange o prestador de serviços, os trabalhadores, as pessoas que detenham o capital social e os membros dos órgãos de pessoas colectivas desses prestadores de serviços.

Entende -se por «pressuposto, requisito ou condição», qualquer obrigação, proibição, condição ou limite imposto especificamente ao acesso ou ao exercício de uma actividade de serviços previsto na legislação ou nos estatutos de associações públicas profissionais, excepcionando-se as normas constantes de convenções colectivas negociadas pelos parceiros sociais.

OS SEGUROS DE RESPONSABILIDADE PROFISSIONAL

O exercício da actividade por prestadores de serviços estabelecido em território nacional, cujo serviço apresente risco directo e específico para a saúde, para a segurança do destinatário do serviço ou de terceiro, ou para a segurança financeira do destinatário, pode ser condicionado à subscrição de um seguro obrigatório de responsabilidade civil profissional, adequado à natureza e à dimensão do risco, ou à prestação de garantia ou instrumento equivalente.

Contudo, não pode ser imposta a um prestador de serviços estabelecido noutro Estado membro a subscrição de um seguro de responsabilidade profissional pela actividade desenvolvida em território nacional, desde que o mesmo tenha essa actividade, total ou parcialmente, coberta por seguro, garantia ou instrumento equivalente subscrito ou prestado no Estado membro onde se encontre estabelecido.

Caso o seguro, a garantia ou o instrumento equivalente subscrito noutro Estado membro cubra apenas parcialmente os riscos, o prestador de serviços deve complementá-lo de forma a abranger os elementos não cobertos.

A apresentação de uma certidão emitida por instituição de crédito ou empresa de seguros estabelecida em qualquer Estado membro é suficiente para demonstração do cumprimento do requisito de cobertura da actividade por seguro, garantia ou instrumento equivalente subscrito ou prestada no Estado membro onde se encontre estabelecido.

CONDIÇÕES QUE PROÍBAM PUBLICIDADE COMERCIAL

Não são permitidas condições que imponham uma proibição absoluta de publicidade comercial relativa a profissões regulamentadas.

Entende -se por «publicidade comercial» qualquer forma de publicidade destinada a promover, directa ou indirectamente, bens, serviços ou a imagem de uma em presa, organização ou pessoa que exerce uma profissão regulamentada ou uma actividade comercial, industrial ou artesanal.

Entende -se por «profissão regulamentada» a actividade ou o conjunto de actividades profissionais em que o acesso, o exercício ou uma das modalidades de exercício

dependem, directa ou indirectamente, da titularidade de determinadas qualificações profissionais, na acepção da Lei n.º 9/2009, de 4 de Março.

OS DIREITOS DOS DESTINATÁRIOS DOS SERVIÇOS

1. Não discriminação dos destinatários

– os destinatários dos serviços, e as condições gerais de prestação do serviço definidas pelo prestador de serviços, não podem ser discriminatórias em função da nacionalidade ou do local de residência ou da sede do destinatário dos serviços, excepto se a diferenciação for directamente justificada por critérios objectivos.

Entende -se por «destinatário dos serviços» qualquer pessoa singular nacional de um Estado membro ou que beneficie dos direitos que lhe são conferidos por actos comunitários, ou qualquer pessoa colectiva estabelecida em território nacional ou noutro Estado membro que contrate ou pretenda contratar, para fins profissionais ou não, um serviço.

2. Informações sobre os prestadores e respectivos serviços

– o prestador de serviços deve fornecer ao destinatário, de forma simples, sintética, facilmente perceptível e acessível, preferencialmente por via electrónica ou através de endereço previamente comunicado, elementos necessários ao seu reconhecimento, conforme o disposto no Artigo 20º do Decreto-Lei n.º 92/2010, de 26 de Julho.

Assistência aos destinatários dos serviços

– o balcão único, o Centro Europeu do Consumidor e a Rede Europeia de Empresas prestam aos destinatários dos serviços, a seu pedido, à distância, nomeadamente por via electrónica, informações gerais, claras, inequívocas e actualizadas.

3. Pedidos de informação e reclamações

– para além do Livro de Reclamações, os destinatários dos serviços podem dirigir directamente reclamações aos prestadores de serviços ou solicitar informações sobre os serviços prestados.

A COOPERAÇÃO ENTRE ESTADOS MEMBROS

As autoridades administrativas competentes prestam e solicitam às autoridades administrativas dos outros Estados membros e à Comissão Europeia, no mais curto lapso temporal possível, assistência mútua e tomam as medidas necessárias para cooperar eficazmente, a fim de assegurar a fiscalização dos prestadores e dos seus serviços.

O SISTEMA DE INFORMAÇÃO DO MERCADO INTERNO (IMI) – CONTACTOS NACIONAIS

Os cidadãos e as empresas da UE beneficiam diariamente das oportunidades decorrentes do mercado único. Contudo, para que a legislação relativa ao mercado único seja correctamente aplicada, é necessária uma estreita colaboração entre as administrações dos Estados Membros. Foi com o objectivo de facilitar essa colaboração que a Comissão Europeia desenvolveu o Sistema de Informação do Mercado Interno (IMI).

Cada Estado-Membro designou um coordenador nacional IMI (NIMIC). A função do NIMIC é supervisionar a implantação geral do sistema e o seu bom funcionamento a nível nacional. Cabe-lhe identificar as entidades competentes, registá-las no sistema e ministrá-lhes a formação necessária.

Para efeitos da cooperação administrativa ao abrigo da Directiva Serviços, os Estados-Membros designaram "pontos de contacto", que podem prestar assistência nomeadamente em caso de dificuldade em identificar a entidade competente.

Contactos Nacionais			
PORtugal	Sónia Lascasas Agency for the Public Services Reform Rua Abranches Ferrão, nº 10, 3ºG 1600-001 Lisboa www.ama.pt		sonia.lascasas@ama.pt Tel: +351 21 723 12 27
ESPAÑA	Esther Pérez Peláez Ministerio de Política Territorial y Administración Pública Santa Engracia 7 28071 Madrid www.mpt.es/areas/sistema_IMI		esther.perez@mpt.es Tel: +34 91 273 4625
Restantes Países	http://ec.europa.eu/internal_market/imi-net/contact_pt.html		

A Comissão Europeia também criou um serviço de assistência (Helpdesk IMI). Quando o NIMIC não puder resolver um problema directamente, poderá entrar em contacto com o serviço de assistência da Comissão Europeia por correio electrónico: imi-helpdesk@ec.europa.eu ou por telefone: (32) 2 29 55470.

Reactivación económica e medidas no ámbito laboral: o plan de rescate de Portugal

Galicia e a rexión Norte de Portugal: escenario de crise

Tanto Galicia como a rexión Norte de Portugal non son alleas ao proceso de crise e empeoramento que o emprego está a sufrir tanto en España coma en Portugal. Malia que outros estados da Unión Europea, e esta no seu conxunto, xa avistan a recuperación, os nosos países seguen a empeorar os seus indicadores de paro, que requirirán medidas e reformas importantes.

Así, a taxa de paro incrementouse desde 2008 ata hoxe notablemente, tanto en Galicia coma na rexión Norte de Portugal. Mentre Galicia está mellor que o conxunto de España, a rexión Norte ten unha taxa de paro superior a do Estado portugués.

En canto ao futuro, seguindo as estimacións do Fondo Monetario Internacional (FMI), os datos de España mellorarán levemente nos próximos meses, pero os de Portugal aínda non alcanzarán o seu punto de inflexión, polo menos nos próximos dous ou tres anos, e poderían chegar a taxas de ata o 13% no ano 2013, segundo estimacións do Ministerio das Finanças. En todo caso, a taxa de paro de España é moito más elevada que a de Portugal.

Taxa de Paro	Portugal	Rexión Norte	Galicia	España
2008	7,60	8,70	8,70	11,30
2009	9,48	11,00	12,60	18,00
2010	10,80	12,60	14,90	20,10
2011	11,90*	-	15,40	19,40*
2012	12,40*	-	-	18,20*

Fonte: Fundación das Caixas de Aforros (Funcas) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) de Portugal. *Previsións do FMI.

Fronte a iso, tanto España como Portugal afrontan e afrontarán no futuro plans de axuste e medidas que contribúan á recuperación económica e á diminución do nivel de desemprego que neste momento lastran a evolución de ambos os dous países.

No caso de Portugal, está sobre a mesa un plan de rescate proposto polo Banco Central Europeo, o Fondo Monetario Internacional e a Comisión Europea (a "troica"), á espera de que o apruebe a República portuguesa e os ministros de finanzas dos vinte e sete, ao non ter adoptadas as reformas necesarias para xerar confianza nos mercados internacionais.

No caso de España, tras a reforma do pasado mes de xuño de 2010 que introduciu modificacións referidas a diferentes aspectos das relacóns laborais (en especial sobre a contratación temporal e o fomento da contratación indefinida, a extinción individual ou colectiva dos contratos de traballo por causas obxectivas, as indemnizacións por despedimento, as medidas para favorecer a flexibilidade ou a creación dun fondo de capitalización para os traballadores que cubran continxencias como o despedimento, a xubilación, a mobilidade xeográfica ou a formación), agora está en negociación un acordo en materia de negociación colectiva, que debería incidir na flexibilización, ampliando a posibilidade de incorporar cláusulas de desvinculación salarial e unidades de negociación distintas (convenios de empresa, por exemplo), e que tivo como un dos puntos más difíciles de acordo o da ultraactividade dos convenios. Ademais, acaba de ser aprobado un paquete de medidas para a regularización e o control do emprego encuberto (Real decreto lei 5/2011, do 29 de abril), publicado no BOE número 108, do 6 de maio de 2011.

Plan de rescate de Portugal: principais medidas

Centrándonos na situación de Portugal, a cambio dos 78.000 millóns de euros que achegarán a partes iguais o FMI (26.000 millóns), a Comisión Europea (26.000 millóns) e os Estados membros (26.000 millóns), o país deberá afrontar un duro plan que lle permita a súa recuperación e a devolución do diñeiro ata o ano 2021. Para iso, aprobaranse toda unha serie de medidas encamiñadas a unha profunda redución no gasto

público e o incremento dos ingresos fiscais, co principal obxectivo de paliar o déficit público, que deberá pasar do 9,1% co que pechou o 2010 ao 3% no 2013.

De feito, estas medidas presentan uns prazos de adopción (65% no ano 2011, 26% en 2012 e 9% en 2013) para que, sen perder máis tempo, se poñan en marcha e poidan alcanzarse os obxectivos antes comentados de recuperación económica, reequilibrio do déficit público e pagamento da débeda.

Moitas das medidas propostas na área laboral estaban xa enriba da mesa dos deputados e do goberno da República, e outras incluíranse no acordo tripartito que o goberno portugués acordara recentemente coa Unión Geral de Traballadores (UGT) e tres organizacións empresariais: a Confederación da Indústria Portuguesa (CIP), a Confederación do Comercio e Servicios de Portugal (CCP) e a Confederación dos Agricultores de Portugal (CAP).

O plan pódese agrupar ao redor de sete bloques de medidas: estruturais e orzamentarias, sector empresarial, xustiza, fiscalidade, sector financeiro, vivenda e mercado laboral. Estas últimas serán analizadas con máis detalle a continuación, tras presentar sucentamente o resto dos bloques.

- Medidas estruturais e orzamentarias: reducción do sector público (axuste e reducción de persoal entre 2011 e 2014), recortes en sanidade (uso de xenéricos e diminución de custos operativos nos hospitais), educación (reestruturación do sistema segundo criterios de eficiencia económica), infraestruturas (paralización dos grandes proxectos como o AVE Lisboa-Porto). Revisaranse tamén os convenios público-privados coa finalidade da redución de custos do Estado a curto prazo.
- Sector empresarial: privatizacións (como Galp e Correios de Portugal), liberalización de sectores (por exemplo, telecomunicacións), eliminación do tipo mínimo do imposto de sociedades ou, como contrapartida, recorte na cota única á seguridade social que pagan as empresas.
- Xustiza: nova lei de arbitaxe, proposta dun novo código de proceso civil, e maior presión contra a fraude e a evasión fiscal.
- Fiscalidade: revisión do IVE no tramo reducido e intermedio, eliminación de deducións fiscais a empresas e cidadáns, ou aumento de gravames en impostos sobre o consumo (automóveis e tabaco) e enerxéticos, son algúns dos exemplos dentro deste grupo.
- Sector financeiro: reforma do sistema bancario (maior solvencia nos balances bancarios, restricións salariais ao sector e control dos bonos de directivos) e venda do Banco Portugués de Negócios (BPN).
- Vivenda: eliminación de incentivos fiscais á compra de vivenda e subas tributarias a bens inmóbiles.

Medidas de ámbito laboral

Prestación por desemprego

Durante o último trimestre de 2011, Portugal deberá presentar unha reforma co obxectivo de reducir o paro de longa duración e reforzar o sistema de seguridade social. Para iso:

- Reducirá o período de cotización mínimo para xerar o dereito á prestación, que será de doce meses.
- Reducirá a duración da prestación por desemprego a dezoito meses para os traballadores que perdan o seu emprego a partir da entrada en vigor da medida.

- Limitará a contía máxima da prestación, diminuindoa en torno a un 20%, pasando dos 1.257,66 euros actuais a 1.048,05 euros, e reducirá o importe da prestación, nun 10% polo menos, unha vez transcorrido seis meses dende o seu inicio.
- Presentará unha proposta para estender a prestación por desemprego aos traballadores por conta propia que prestan con carácter regular servizos a un só empresario (equivalente aos traballadores autónomos economicamente dependentes en España).

Indemnizacións por despedimento

O goberno deberá presentar antes do mes de outubro ao parlamento portugués unha proposta de reforma na liña do acordo tripartito do pasado mes de marzo, equiparando as indemnizacións no caso dos contratos de duración indefinida e os de duración determinada, coas seguintes medidas:

- Redución da indemnización por despedimento nos contratos indefinidos dos trinta días por ano traballado a dez, cun límite de doce meses.
- No caso dos contratos de duración determinada, proposta de redución da indemnización tamén a dez días por ano traballado (ata agora era de trinta e seis días nos contratos de menos de seis meses de duración e de vinte e catro no resto).
- En ambos os dous casos, completarase con dez días adicionais de indemnización por ano traballado, con cargo ao novo fondo empresarial.

Ademais:

- No último trimestre de 2011, deberá preparar unha proposta lexislativa que aplique as condicións expostas arriba a todos os contratos de traballo, e preservará os dereitos adquiridos ata a data.
- Durante os primeiros meses de 2012, deberá propoñer a equiparación dos custos dos despedimentos á media da Unión Europea e a creación de contas individuais que fagan transferibles os recursos do fondo empresarial dun empresario a outro cando o empregado cambia de emprego.

Modificación das causas de despedimento

Durante o primeiro trimestre de 2012, o goberno deberá propoñer un texto lexislativo que modifique o Código do traballo e que flexibilice as causas de despedimento:

- Entenderase como causa de despedimento procedente a inadaptación do traballador ao posto de traballo, aínda cando non se introducisen novas tecnoloxías ou cambios no proceso produtivo. Así, poderase aducir como causa de despedimento o incumprimento de obxectivos pactados entre o empresario e o traballador.
- No caso de extinción dun posto de traballo cando existan varios iguais, non terá (como ata agora) que seguirse como criterio necesario a menor antigüidade para decidir o traballador afectado, sempre e cando se utilicen criterios debidamente xustificados e non discriminatorios.
- Finalmente, redúcese a obriga da empresa de recolocar os traballadores non aptos para o desenvolvemento do seu posto de traballo na mesma empresa, aínda que como norma se debe evitar o despedimento cando existan postos axeitados á súa capacidade.

Tempo de traballo

O goberno debe implementar medidas para evitar as flutuacións no emprego, flexibilizando as condicións referidas á organización do

tempo de traballo e adaptando os patróns dos diferentes sectores e empresas:

- Antes do fin de 2011, debe elaborar un plan de acción para promover os acordos de flexibilidade, incluíndo a creación de bolsas de horas e permitindo a súa negociación a nivel de centro de traballo.
- Co comezo de 2012, deberá presentar propostas lexislativas que faciliten a adopción destas medidas de flexibilidade por parte dos empregadores.

Ademais, deberá revisarse á baixa o custo adicional mínimo das horas extraordinarias que establece o Código do traballo e os tempos de descanso xerados polas devanditas horas. Ademais, atribuirase maior autonomía á negociación colectiva para modificar as prescripcións do código.

Salarios

O goberno deberá poñer en marcha medidas relacionadas cos salarios, que contribúan a mellorar a competitividade das empresas e a creación de emprego. En particular e ata a primeira metade de 2012, promoverá as seguintes medidas:

- Vincular calquera incremento dos salarios, e especialmente do salario mínimo interprofesional, á evolución da economía e do mercado de traballo.
- Definir criterios claros para a extensión dos convenios colectivos. Entre outros, deberá considerarse a representatividade das partes negociadoras e as implicacións da extensión dos acordos ás empresas non representadas/non afiliadas ás organizacións parte dos acordos.
- O goberno deberá promover axustes salariais a nivel de cada empresa, tendo en conta o seu nivel de produtividade. Así, permitirse a negociación de cuestións como a mobilidade xeográfica ou funcional e o tempo de traballo a nivel de comité de empresa, e reducirase a 250 traballadores a dimensión da empresa que poida negociar convenios de eficacia limitada á devandita empresa.

Crearase tamén un Centro de Relacións Laborais que dea soporte ao diálogo social e ás organizacións que participen na negociación colectiva.

Xubilación e pensións

As pensións más altas (que superen os 1500 euros) veranse reducidas de acordo coas *ratios* aplicadas desde 2011 aos salarios dos empregados públicos. Ademais, prevese a conxelación das pensións durante 2012 e 2013, con excepción das más baixas.

Empregados públicos

As administracións públicas de Portugal non serán alleas ás medidas de axuste, e deberán avaliar e reorganizar os seus servizos para eliminar redundancias e mellorar en eficiencia. Para iso,

- Reducirán notablemente o número de altos cargos e, en xeral, o número de empregados públicos (ao ritmo do 1% anual na Administración central e do 2% nas administracións locais e rexionais), limitando para iso a oferta de novo emprego público.
- Os salarios dos traballadores ao servizo da Administración seguirán conxelados polo menos ata 2013.
- Estableceranse medidas de flexibilidade e de mobilidade do persoal.

O próximo 5 de xuño realizaranse eleccións en Portugal. O goberno saínte do devandito proceso afrontará unha dura tarefa para a posta en marcha das medidas contidas no plan de rescate. O apoio político en bloque ao devandito plan será clave para que Portugal se recupere canto antes.

Evolución do emprego

O ano 2010 pechouse cunha cifra de poboación activa de 3.275.900 persoas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A evolución deste indicador descendeu tanto en Galicia coma na rexión Norte de Portugal, descenso que afectou tanto a poboación activa feminina coma a masculina.

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2010/III	1.314,0	712,1	601,9
2010/IV	1.296,6	699,3	597,3

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2010/III	1.988,8	1.054,4	934,4
2010/IV	1.979,3	1.054,2	925,1

Fonte: Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INE)

En canto á taxa de actividade, tamén diminuíu en Galicia e na rexión Norte de Portugal, de maneira que o ano 2010 se pechou cunha taxa de actividade do 54,4% en Galicia e do 62,4% no Norte de Portugal. Destacar que en Portugal este descenso afectou máis as mulleres, mentres que en Galicia o descenso foi máis acusado entre os homes.

Taxa de actividade			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2010/III	55,1	62,6	48,3
2010/IV	54,4	61,5	48,0

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2010/III	62,8	69,7	56,4
2010/IV	62,4	69,7	55,8

Fonte: Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INE)

Respecto á taxa de paro, a evolución foi distinta durante o segundo semestre do ano 2010 en Galicia e en Portugal. Mientras que en Galicia esta taxa seguiu aumentando ata alcanzar un 15,7% ao final do ano, en Portugal a taxa de paro diminuíu e pasou do 13,2% no terceiro trimestre ao 12,7% co que se pecha o ano na rexión Norte de Portugal.

Taxa de paro			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2010/III	14,9	14,0	15,9
2010/IV	15,7	15,2	16,3

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2010/III	13,2	10,5	16,3
2010/IV	12,7	11,1	14,5

Fonte: Instituto Nacional de Estatística de Portugal (INE)

Oferta e demanda de emprego

Ocupacións con maior demanda no Norte de Portugal

No segundo semestre do ano 2010, xestionáronse nos centros de emprego da rexión Norte de Portugal un total de 23.717 ofertas, das que o primeiro lugar pertence á ocupación de operario industrial, con 4.174 ofertas xestionadas, o que supón máis dun 17% do total. O segundo lugar corresponde ás ofertas referidas a persoal de servizos, protección e seguridade, cun total de 3.667, é dicir, un 15,46% do total. En terceiro lugar, os postos más ofertados, nos centros de emprego, foron os de peóns industriais, da construcción e da minaría, cun total de 2.916 ofertas, é dicir, pouco máis do 12% do total de ofertas.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Operarios industriais	158	512	1.164	1.066	685	589
Persoal de servizos, protección e seguridade	547	756	1.247	457	374	286
Peóns industriais, construcción e minaría	555	636	556	475	411	283
Traballadores cualificados da construcción e minaría	202	444	472	240	209	212
Empregados tipo administrativo	232	279	275	239	208	145
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	309	285	253	295	162	102
Traballadores cualificados industria	242	181	244	256	192	153
Condutores e operadores de maquinaria móvil	332	306	237	226	214	140
Dependentes e vendedores	191	195	111	150	383	219
Técnicos e profesionais nivel intermedio	91	112	185	132	149	94
Titulados medios universitarios	122	120	126	88	97	66
Licenciados universitarios	100	49	141	75	58	63

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos estatísticos do Instituto de Emprego e da Formación Profissional, IP, e do Servicio Público de Emprego

Ocupacións con maior demanda en Galicia


Durante o segundo semestre do ano 2010, o número total de postos ofrecidos para a súa xestión no Servizo Público de Emprego de Galicia ascendeu a 14.660 postos. O maior número referiuase a traballadores da construcción, cun total de 2.620 postos ofrecidos, o que supón un 17,87% do total. O segundo lugar ocúpao o referido a traballadores de servizos de restauración, cun total de 2.351 postos ofrecidos, é dicir, pouco máis do 16% do total. Despois, seguiron as ofertas referidas para peóns agropecuarios, da pesca, da minaría, da construcción, das industrias manufactureiras e do transporte e descargador, que ascenderon a un total de 2.044 postos, o que implica un 13,94% do total.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Traballadores servizos restauración	493	316	366	604	358	214
Peóns agricultura, pesca, construcción, industria e transportes	714	169	182	711	202	66
Traballadores construcción	604	479	363	307	686	181
Técnicos e profesionais nivel intermedio	363	300	469	420	243	158
Empregados tipo administrativo	177	65	123	140	117	121
Dependentes e vendedores	59	53	56	59	50	34
Traballadores cualificados da agricultura	183	18	42	184	243	20
Condutores e operadores de maquinaria móvil	112	58	89	60	63	23
Operarios industriais	23	54	25	23	29	15
Traballadores cualificados industria	64	53	73	130	62	31
Titulados medios universitarios	103	57	137	134	110	32
Traballadores non cualificados de servizos	276	146	122	152	168	124
Licenciados universitarios	118	131	240	376	112	49
Traballadores de servizos, protección e seguridade	8	4	330	294	56	563
Traballadores cualificados de artes gráficas	10	31	19	51	36	25

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar


Se se comparan as ocupacións más demandadas a ambos os dous lados da fronteira, obsérvase que, mentres que na rexión Norte de Portugal a demanda de persoal operario industrial vai en aumento, seguida pola de persoal de servizos, protección e seguridade en Galicia seguen primando as ofertas referidas a traballadores da construcción e traballadores do sector da hostalaría.

**Ocupacións más demandadas na rexión Norte de Portugal
Segundo semestre 2010**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profissional, IP, e do Servicio Público de Emprego de Portugal

**Ocupacións más demandadas en Galicia
Segundo semestre 2010**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar

Ofertas de emprego por sector produtivo na rexión Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, o sector produtivo que lidera a oferta de traballo é o da industria manufactureira, seguido das actividades inmobiliarias. Segue sendo a industria da confección e do coiro a que oferta o maior número de empregos na rexión Norte de Portugal.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Industria manufactureira	1.407	808	1.656	1.562	1.095	862
Construcción	682	603	600	331	317	231
Comercio e reparación de vehículos	478	451	465	368	696	400
Actividades inmobiliarias	1.296	1.162	666	764	511	583
Hostalaría	401	383	939	304	231	153
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	372	173	300	162	102	77
Transporte, almacenaxe	75	59	63	30	32	23
Actividades de comunicación	47	64	38	21	20	17
Agricultura, gandaría e pesca	73	77	112	32	51	15
Electricidade, gas, auga e saneamento e residuos	10	17	22	21	20	9
Actividades financeiras e de seguros	8	5	4	3	2	4
Outras actividades de servizos	192	122	139	105	98	65
Industria extractiva	14	3	10	4	11	2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profissional, IP, Servicio Público de Emprego


Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia

A tendencia xeral do número de postos ofrecidos para a intermediación laboral e para que os servizos públicos de emprego xestionen a súa cobertura cos demandantes máis idóneos é decrecente na maioría dos sectores de actividade económica en Galicia. A oferta lidera o sector da Administración pública, da defensa, da educación, da sanidade e dos servizos sociais, se ben este sector está directamente influenciado pola oferta pública de emprego. O segundo sector en importancia, segundo as ofertas introducidas nos servizos públicos de emprego, segue sendo o da construcción, se ben este sector segue experimentando unha importante diminución no número de ofertas respecto a períodos anteriores; así, se no primeiro semestre do ano 2010, o número total de ofertas do sector da construcción ascendeu a 456 e pasou, neste segundo semestre, a alcanzar un total de 371 ofertas.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Administración pública, defensa, educación, sanidade e servizos sociais	1.755	553	638	1.774	1.300	372
Hostalaría	206	124	123	91	80	70
Construcción	506	582	440	353	211	132
Industria manufactureira	139	70	157	84	82	58
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	154	147	116	85	105	66
Comercio e reparación de vehículos	184	159	195	138	198	107
Agricultura, gandaría e pesca	57	25	38	21	40	14
Transportes e almacenaxe	30	25	53	24	28	25
Información e comunicacóns	25	13	23	21	13	74
Financeiras e seguros	8	16	50	27	19	3
Industria extractiva	1	0	2	3	0	0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	51	62	66	60	43	28
Actividades artísticas, recreativas e de entretenimento	102	38	81	69	81	16
Outras actividades de servizos	155	92	336	529	259	109


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar

**Sectores produtivos con maior oferta laboral na rexión Norte de Portugal
Segundo semestre 2010**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profissional, IP, e do Servicio Público de Empleo de Portugal

**Sectores produtivos con maior oferta laboral en Galicia
Segundo semestre 2010**



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Servizo Público de Emprego Estatal e da Consellería de Traballo e Benestar

Novidades lexislativas

Simplificación administrativa para empresarios e traballadores transnacionais do sector industrial

Galicia aprobou o pasado mes de marzo o Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial. Esta norma especifica as disposicións e os principios considerados na directiva de servizos e na normativa nacional de transposición para garantir o libre acceso ás actividades de servizos e ao seu exercicio, simplificando os procedementos e impulsando a modernización das administracións públicas.

O decreto establece como norma xeral para a realización da actividade que se presente unha declaración responsable por parte do provedor de servizos e que se cumpran determinados requisitos, como o emprego de determinados medios técnicos específicos considerados no noso marco xurídico ou a disponibilidade dun seguro profesional. En todo caso, elimináñanse con carácter xeral os réximes de autorización previa.

Outra das novedades significativas é a previsión de que, tras uns meses, a tramitación ou a comunicación da declaración responsable só se poderá realizar por medios telemáticos, segundo se dispón na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

O novo réxime afecta os seguintes prestadores de servizos:

- instaladores de alta e baixa tensión
- instaladores de gas
- instaladores e mantedores de instalacións térmicas en edificios
- instaladores e mantedores de protección contra incendios
- mantedores de ascensores, instaladores e mantedores de guindastres de torre e fabricantes dos pés de encravamento ou de calquera outro elemento estrutural destes
- instaladores, conservadores e reparadores de instalacións frigoríficas
- instaladores ou reparadores de produtos petrolíferos líquidos
- instaladores e reparadores de equipamentos a presión
- recargadores e inspectores de botellas de equipamentos respiratorios autónomos
- recargadores de gases.

Finalmente, os proxectos técnicos e os certificados finais de obra dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais, que teñan que ser redactados e asinados por un técnico titulado competente e que se presenten sen visado do colexio profesional correspondente, deberán achegar xunto coas declaracions responsables asinadas polo devandito técnico, nas que declare que está en posesión da titulación correspondente, que dispón do seguro de responsabilidade civil profesional ou garantía equivalente e que non se atopa inhabilitado para o exercicio da profesión.

Recurso de inconstitucionalidade contra a normativa de colexiación profesional de Galicia

En febreiro de 2009, publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia, para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que modificou un total de vinte e tres leis autonómicas.

Unha das normas é a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, que introduce importantes novedades no seu articulado, como as referidas a continuación:

- Os profesionais da Unión Europea que queiran prestar servizos en Galicia, con carácter temporal, deberán remitir unha comunicación previa ao colexio profesional correspondente.
- É "obrigatoria a colexiación para os profesionais médicos e demais profesionais de ciencias da saúde ao servizo das administracións públicas cuxas funcións comprendan a realización de actos profesionais que teñan como destinatarios inmediatos os usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como tamén para o exercicio da actividade privada".
- En relación cos consumidores e usuarios, os colexios profesionais deberán establecer un servizo de atención aos usuarios que tramitará e resolverá as queixas e as reclamacións, un servizo de información e acceso aos rexistros dos profesionais, e un servizo de visado dos traballos realizados polos seus colexiados.
- Para os profesionais tamén contén obrigas: entre outras, a de habilitar unha páxina web e poñer en marcha as utilidades que a lei prevé a través dos portelos únicos. Estas ferramentas deben permitir aos profesionais, colexiados ou non, acceder a toda a información necesaria para desenvolver a súa actividade e tramitar, de maneira telemática, as solicitudes e os documentos necesarios para iso.

Cabe salientar tamén que "os colexios profesionais e as súas organizacións non poderán establecer os baremos orientativos de honorarios nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra que impida, restrinxha ou condicione a libre formación do prezo dos servizos que prestan os profesionais colexiados".

Determinados preceptos da norma galega foron obxecto dun recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno de España a finais de 2010, ao entender que infrinxen a competencia estatal en materia de colexios profesionais. Concretamente, o recurso referíase a tres das novedades expostas anteriormente: a obriga de comunicación previa, a obriga de colexiación e a regulación da obriga de visado.

O recurso deu lugar á suspensión cautelar dos preceptos afectados por parte do Tribunal Constitucional. Non obstante, e independentemente da resolución final que adopte o dito tribunal, este levantou a devandita suspensión cautelar o pasado mes de abril, polo que, ata que se pronuncie con carácter definitivo, é plenamente aplicable a actual versión da normativa galega coas modificacions de 2010.

Novas medidas en favor do autoemprego e da simplificación administrativa

Portugal aprobou unha reforma do seu Código das sociedades comerciais, a través do Decreto lei 33/2011, do 7 de marzo, como unha medida de dinamización do mercado de traballo, de fomento do autoemprego e da creación de empresas e da simplificación administrativa.

O decreto lei introduce novedades en canto á constitución das *sociedades por quotas* (en España, sociedades de responsabilidade limitada) e as *sociedades unipessoais por quotas* (en España, sociedades de responsabilidade limitada unipersonal), entre as que destaca a eliminación do capital social mínimo, ata agora de 5.000 euros, que a partir deste momento acordarán libremente os socios e que poderán facer efectivo ata o final do primeiro exercicio de actividade da empresa.

Esta disposición enmárcase na Iniciativa para a competitividade e o emprego que aprobou o executivo portugués o pasado mes de decembro. Con iso, o executivo portugués pretende reducir os custos de constitución para as empresas e asegurar unha maior transparencia das contas.

A propria exposición de motivos do decreto lei explica a orixe de numerosas empresas no ámbito doméstico que non necesitan un investimento inicial nin unha infraestrutura específica e onde a obriga dun capital social inicial non supón senón unha limitación á posta en marcha do proxecto.

Ademais, considérase que o capital social obligatorio é unha limitación á creación de emprego. Desde o punto de vista xurídico, un capital social elevado non implica necesariamente unha situación financeira saneada, diferenciando entre o capital social e o patrimonio social.

Esta nova normativa forma parte dun paquete de medidas en favor da simplificación administrativa que se desenvolveu en Portugal (Programa Simplex). Entre outras vantaxes, propón o carácter facultativo das escrituras públicas relativas a diferentes actos do tráfico mercantil ou a redución dos prazos e a simplificación dos trámites para iniciar as actividades de carácter industrial, así como a apostila pola tramitación telemática a través de Internet.

Todas estas medidas deben contribuír a unha maior competitividade das empresas de Portugal e á dinamización do seu mercado de traballo.

Consultas

Adquisición da nacionalidade española

Un traballador portugués, desprazado a España, reside neste país coa súa muller. A parella ten nacionalidade portuguesa. Poderán optar á nacionalidade española? Cáles son os requisitos?

O Código civil considera a adquisición da nacionalidade española ás persoas estranxeiras por residencia en España. Para iso, requírese un tempo mínimo de residencia legal, continuada e inmediatamente anterior ao pedimento, que no caso dos ciudadáns de nacionalidade portuguesa é de dous anos. De cara a acreditar a dita residencia, os ciudadáns da UE deben estar inscritos no rexistro de estranxeiros ou estar en posesión da tarxeta de residencia familiar.

Por regra xeral, será competente a persoa encargada do rexistro civil do domicilio correspondente. Xunto coa solicitude, deberase acreditar a

residencia legal, a boa conduta cívica e o suficiente grao de integración na sociedade española do solicitante. Na actualidade, a Administración encárgase de incorporar ao expediente os documentos que xa constan no seu poder, como o certificado de residencia legal ou o certificado de antecedentes penais, que xustifican parte dos requisitos esixidos.

A Administración debe resolver a solicitude no prazo dun ano desde a súa entrada no correspondente rexistro. Unha vez que se concede a nacionalidade, o solicitante deberá xurar ou prometer fidelidade ao rei, obediencia á Constitución española e ás leis españolas. No caso dos ciudadáns con nacionalidade portuguesa non é necesario que renuncien á devandita nacionalidade pois o ordenamento xurídico español considera a compatibilidade de ambas as dúas nacionalidades.

Recoñecemento das cualificacións profesionais

Un arquitecto portugués recibe unha oferta de traballo dunha empresa galega para traballar nas súas oficinas de Santiago de Compostela con carácter permanente. O arquitecto obtivo o seu título nunha universidade portuguesa e pregúntase se a súa titulación o habilita tamén para traballar en España ou se ten que realizar algúun trámite para iso.

Para facer efectivo o principio de libre circulación, a Unión Europea aprobou unha serie de disposicións co obxecto de favorecer o recoñecemento das cualificacións profesionais ao longo da Unión Europea.

No caso dos arquitectos, o procedemento e os requisitos do recoñecemento exclusivamente para os efectos do exercicio profesional en España, establecense no Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento das cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

O real decreto, que se refire tanto ao exercicio profesional por conta propia como por conta alrea, distingue o suposto da mera prestación de servizos temporal ou esporádica que, cumpridos determinados requisitos, só require unha declaración previa ao Ministerio de Fomento do suposto que se presenta na consulta referido ao establecimiento permanente en España e que require este recoñecemento.

O devandito recoñecemento débese solicitar ao Ministerio de Fomento e achegarase a seguinte documentación:

- Con carácter xeral, fotocopia compulsada:
 - do documento acreditativo de nacionalidade
 - do título académico ou profesional
 - do certificado substitutivo do título expedido pola autoridade competente
 - da certificación esixida para o exercicio profesional.
- Só nos casos que se determinan no real decreto:
 - certificado de experiencia profesional
 - certificación académica das materias cursadas para a obtención do título.

Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)
Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel.: + 34 981 555 888
Fax: + 34 981 555 882
Correo electrónico: euroinfo@ceg.es
<http://www.ceg.es>

EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia
Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha
4930 - 677 Valença. Portugal
Tel.: + 351 251 826 105
Fax: + 351 251 826 104
<http://www.eures-norteportugal-galicia.org>

Cooperación empresarial

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea pon a disposición da Entrepresa Europe Network unha ferramenta telemática especialmente deseñada para identificar e localizar empresas interesadas en establecer acordos de cooperación: a *Business Cooperation Database*.

A continuación, preséntanse algúns perfís de cooperación ofertados ou demandados por empresas portuguesas ou galegas. Pódese solicitar información complementaria e referencias das ofertas publicadas no Servizo de Información Europea da Confederación de Empresarios de Galicia (euroinfo@ceg.es).

Portugal

Empresa portuguesa, especializada na climatización, na fabricación de canalizacíon e nos accesorios asociados, busca socios para servizos de intermediación comercial e para a cooperación en materia de transporte/loxística. Así mesmo, a compañía está interesada en intercambio de accións e en investimento en empresas. [Referencia: 11/857/EC](#)

Empresa portuguesa, especializada en proxectos de arquitectura e de xestión do sector da construcción, ofrece servizos de intermediación comercial (axente, representante ou distribuidor) e producción recíproca. [Referencia: 11/856/EC](#)

Empresa portuguesa, especializada en aloxamento de turismo rural, busca servizos de intermediación comercial para as axencias de viaxes ou para *tour operadores*. [Referencia: 11/855/EC](#)

Empresa portuguesa, especializada en consultoría de enerxías renovables, busca servizos de intermediación comercial e socio para *joint venture*. [Referencia: 11/854/EC](#)

Almacenista portugués das Azores, especializado en alimentos, bebidas, queixo, artesanía, aceite de oliva, atún e conservas, busca cooperación comercial para a distribución destes produtos. [Referencia: 11/853/EC](#)

Peme portuguesa, fabricante almacenista dunha ampla gama de pezas de vestir para o traballo e de equipos de protección individual para os hospitais, os hoteis, a industria da alimentación e a hixiene así como moitas outras actividades, busca servizos de intermediación comercial e de producción recíproca. [Referencia: 11/852/EC](#)

Empresa portuguesa, especializada na área de fabricación e na reparación de relooxos, ofrece servizos de intermediación comercial (axente, representante ou distribuidor) e ofrécese como subcontratista. [Referencia: 11/851/EC](#)

Empresa portuguesa especializada na fabricación de produtos de marroquinaría (maletas, maletins, bolsos de man etc.) así como artigos de garnición require servizos de intermediación comercial. [Referencia: 11/850/EC](#)

Empresa portuguesa dedicada á fabricación de compoñentes de aceiro, aluminio, latón, aceiro inoxidábel, entre outros, con ou sen tratamento superficial en función das necesidades do proxecto, ofrece cooperación para a subcontratación. [Referencia: 11/849/EC](#)

Empresa portuguesa, especializada na área de consultoría de enxeñaría, principalmente en deseño e xestión de proxectos de investimento, ofrece cooperación para *joint venture*. [Referencia: 11/848/EC](#)

Galicia

Empresa galega dedicada á comercialización, á elaboración e á transformación de peixes peláxicos, busca servizos de intermediación comercial a través de distribuidores ou axentes comerciais coñecedores deste mercado para a distribución deste tipo de peixe conxelado. A empresa galega, pertence a un grupo armador de máis de corenta anos de experiencia no mercado, controla as características do produto e optimiza a cadea de distribución, o que lle permite adaptar a oferta aos requirimentos do cliente. [Referencia: 11/046/NEC](#)

Empresa galega dedicada ao desenvolvemento, á ensamblaxe e á venda de equipos de tecnoloxía hidrográfica, axudas á navegación e á xestores de pesca, busca socios para distribuir os seus produtos a través das consecuentes licenzas de propiedade intelectual. A empresa que obténha a licenza beneficiariase de incluir na súa carteira produtos de alto valor engadido á vanguarda da técnica. [Referencia: 11/045/NEC](#)

Empresa galega dedicada á fabricación de revestimentos de madeira maciza para paredes e teitos con formato de frisos agargalados así como de complementos (rodapés, cornixas, cantoneiras, cantoneiras e remates), tarimas e listóns para a carpintería e a construcción, busca socios para a comercialización dos seus produtos. [Referencia: 11/044/NEC](#)

Empresa galega, especializada en solucións de formación e educación usando as novas tecnoloxías, busca socios para distribuir os seus produtos, así como centros universitarios, escolas de negocio ou empresas para o deseño ad hoc e para a posta en marcha nestas dalgunha das súas solucións tecnolóxicas. [Referencia: 11/043/NEC](#)

Empresa galega que se atopa entre os líderes no mercado español na fabricación de mobles do fogar cun deseño innovador, reflexo das últimas tendencias, alta calidade e un avanzado sistemas de producción, busca socios para intermediación comercial. [Referencia: 11/042/NEC](#)

Empresa galega con ampla experiencia no desenvolvemento de software de xestión para o ámbito da Administración pública busca e ofrécese como socio para *joint venture*, subcontratación ou producción recíproca. [Referencia: 11/041/NEC](#)

Empresa galega, dedicada desde hai máis de trinta anos á extracción e á comercialización de granito, elabora taboleiros de granito natural de orixe propia (rosa porriño, gris mondariz e gris perla) e busca distribuidores. [Referencia: 11/040/NEC](#)

Os contidos e a información incluídos neste boletín son propiedade da Confederación de Empresarios de Galicia e non teñen carácter vinculante, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo; así mesmo, non representan a opinión da Comisión Europea e esta non se responsabiliza do uso que se poida facer deles.

Queda prohibida a reproducción total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664